

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **Terra** é un **planeta** do sistema solar onde vivimos. Nel danse as condicións necesarias para o desenvolvemento da vida.

No noso planeta distínguense tres capas: a **hidrosfera**, a **xeosfera** e a **atmosfera**.

1 Que tres características fan da Terra un planeta diferente? Explicaas.

- _____
- _____
- _____

2 Por que se lle chama á Terra o «planeta azul»?

3 Indica con liñas a que parte da imaxe da Terra corresponde cada cartela.

A parte sólida da Terra constitúe a **xeosfera**.



A **atmosfera** é a capa de aire que rodea a Terra.

Tres cuartas partes do planeta Terra están cubertas por auga. Toda esa auga forma a **hidrosfera**.


Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A Terra represéntase en globos terráqueos e en mapas.

- Os **globos terráqueos** son esferas que reproducen a Terra.
- Os **mapas** son representacións planas da Terra. Cando un mapa representa toda a Terra, chámase **planisferio** ou **mapamundi**.

1 Escribe 1 (planisferio) e 2 (globo terráqueo) onde corresponda.



2 Observa na actividade 1 as formas de representar a Terra e contesta.

- Cal se parece máis á forma real do planeta? _____
- En cal se mostra toda a superficie da Terra á vez? _____
- É posible observar nun globo terráqueo Oceanía e Europa ao mesmo tempo? _____
Por que? _____

3 Que dous tipos de mapas, segundo a información mostrada, están representados na actividade 1?
